Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 11 Decembro 2014 00:27



Familiares de vítimas da Orden y Mandato de San Miguel Arcángel relatan os supostos abusos e ritos satánicos aos que sometía o líder da organización que operaba en Nigrán, Oia, Vigo e O Morrazo. Como se denunciara hai semanas e confirmaron hoxe as vítimas, a seita segue a operar na Serra de Madrid con outro nome. As vítimas láianse da colaboración de bispos coa Orde.

{jathumbnail off}

O escándalo de supostos abusos na Orden y Mandato de San Miguel Arcángel, seita católica creada na diocese de Vigo-Tui e xa disolta polo bispado, toma un novo camiño. Por vez primeira un grupo de familiares de membros e ex-membros dan a cara publicamente para denunciar a Feliciano Miguel Rosendo da Silva.
Ademais dos detalles dos supostos abusos, o máis relevante é que Rosendo segue operando, malia estar investigado xudicialmente polo Xulgado número 1 de Tui e disolta a Orde pola Igrexa, tal e como denunciou o medio colaborador Galicia Confidencial hai máis dun mes. **La Voz de Serviam é o novo nome da seita, que mesmo segue a aproveitar a música para facerse un oco nas celebracións cristiás**
, como proba a imaxe que ilustra esta noticia dunha recente actuación nunha cerimonia da Noche de Marcha de la Pastoral Universitaria de Granada.





[redacted]

Galicia Confidencial